




Manuel María

Biografía Día das letras galegas 2016



OUTEIRO DE REI

Manuel María Fernández Teixeiro naceu un 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, na Terra Chá luguesa.

Fillo de dous labregos, Antonio Fernández Núñez e Pastora Teixeiro Casanova, viviu nun ambiente familiar tradicional e relixioso. Antonio, o pai, foi alcalde de Outeiro durante a Guerra Civil española e mantívose no cargo durante a posguerra, ata a súa morte no ano 1943.

Manuel María, o primoxénito, tivo tres irmáns varóns máis: Xosé María, Antón María e Xesús María.

Os seus primeiros estudos realízaos na escola de Outeiro co mestre don Domingo Cabana.

Manuel María conta unha anécdota que retrata moi ben o uso do noso idioma na súa infancia e en plena Guerra Civil:

«O mestre que había na miña tribu chamábase don Domingo Cabana... Frecuentaba a miña casa. A súa muller levaba amizade coa miña nai... Servidor tiña moita confianza tanto co mestre como coa súa muller. Moitas veces merendaba na casa deles. Como era natural, servidor sempre falaba en galego co mestre. E el comigo... Chegou o meu primeiro día de escola. Don Domingo sentoume nun banco perto da súa mesa e deume un silabario no que me cansei de esfoliar. Alí estiven quedo, moi atento, observando o que pasaba. O que máis me chamou a atención foi que don Domingo, na escola, non se apeaba do castelán. Cando lle preguntou algo a un alumno, este respostou cunha castrapada que agora non lembro. A clase estourou nunha gargallada homérica. A min aquilo magooume e acovardoume. Estiven caladiño como un rato, sin tan siquiera pestanexar. Cecaís polo nervio-



A Casa de Hortas, en Outeiro de Rei, Lugo.



Aos once anos, cando acudía á escola de Rábadade.


Casa Museo Manuel María

sismo sentín unhas ganas tremendísimas de mexar. Cada intre que pasaba sentíame máis apurado. Estaba decidido a pedirlle permiso ao mestre para saír mexar. Pro decateime que non sabía dicir «mexar» en castelán. Facía mentalmente a tradución de «mexar» e dábame «mejar». Aquilo non me soaba, non cadra- ba. Por iso non me atrevín... Tiña un medo arrepiante a dicir unha castrapada e facer o ridículo.»

Despois da escola de don Domingo pasa Manuel María á outra escola de Outeiro e desta, unha vez que a mestra a abandona ao facerse funcionaria do xulga- do, á de Rábade.

É nesta escola onde Manuel María vai ter o seu primeiro contacto coa literatura galega. O mestre, Xoán Bautista, adicaba as clases dos sábados pola tarde a ler contos e poemas no noso idioma a pesares da pro- hibición de usalo en todas as escolas.

En maio de 1943 tras a morte do seu pai, faise cargo da súa educación o seu tío crego, Xosé Fernán- dez, que o leva a Lugo e mete interno na Academia Galicia, rexentada polos irmáns Maristas.



Cos seus tres irmáns e coa nai, Pastora.

Casa Museo Manuel María



Cos seus pais, Antonio e Pastora, e os seus irmáns: Xosé María, Antón María e Xesús María.

Casa Museo Manuel María

Durante a súa estadia en Lugo coñece a Uxío Novoneyra, co que manterá unha gran amizade ao longo da súa vida.

Ambos os dous acudirán ao faladoiro do Café Méndez Núñez, onde entrarán en contacto con numerosos intelectuais galegos: Pimentel, Celestino Fernández, Ánxel Fole, Cunqueiro, Carballo Calero e Aquilino Iglesias Alvariño.

Nesta cidade publica por vez primeira os seus versos na revista Xistral e, en 1950, o seu poemario «*Muiñeiro de Brétemas*», sendo o autor máis novo que publicaba en galego na posguerra.

O amor pola poesía víñalle a Manuel María do seu contacto de neno con Manuel de Paderna, criado da casa paterna:

«Manuel de Paderna poñía Cátedra de Poesía, nos mediodías do verán, perto da Fonte da Picha... Usaba de cadeira un grande seixo que estaba debaixo das oliveiras de Laverde. Tiña dous atentos discípulos: o Cego de Xordo e este aprendiz de xogar, cronista desta verídica historia, Paderna, moi comprensivo, pacienzudo e didáctico, propoñíanos un verso e nós tiñamos que completar a estrofa. Por exemplo, dicía:

No Campo de Santa Isabel...

E un de nós repetía e seguía:

No Campo de Santa Isabel

o Miño vai caudaloso:

¡non hai cantor coma el

nin canto tan delicioso!


Entón o noso mestre dicía: ¡Moi ben, moi ben!

E agasallaba ao inventor da copla cun cigarro enteiro dos chamados de noventa, porque era de noventa céntimos o prezo do paquete...»



Con dezaseis anos, en Lugo.

Casa Museo Manuel María



Manuel de Paderna.

Casa Museo Manuel María

COMPOSTELA

En 1951 Manuel María decide estudar Filosofía, pero o seu tío Xosé obrígaos a matricularse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. O fracaso académico é total e volta para Lugo sen tan siqueira recoller as cualificacións.

A realización do servizo militar obrigatorio, despois do período campamental de Parga, fai que volte de novo a Compostela en compañía de Uxío, que tamén facía o servizo militar.

Na capital galega os dous amigos convértense en habituais do faladoiro do Café Español, do Derby e do Avenida; onde comparten mesa con Maside, Otero Pedrayo, Bouza Brey, Ramón Lugo, Pura Vázquez, Celso Emilio...

Xa nesta época Manuel María era un habitual nos recitais de poesía e nas conferencias dos centros culturais galegos.




Durante o servizo militar.

Casa Museo Manuel María



Paseando por Compostela.

Casa Museo Manuel María



Uxío Novoneyra

Remata o servizo militar e volta a Lugo dende onde prepara os exames para Procurador dos Tribunais sen deixar a actividade cultural e política: publicación da súa poesía en revistas e xornais, participación nos Xogos Florais de Ourense, certames poéticos da Coruña, Vilagarcía, Monforte, Guimaraes...

Realiza na Coruña, en 1957, o exame para Procurador, aproba e escolle Monforte como destino profesional pola suxerencia de César Quiroga que lle ofrece unha colaboración na emisora de radio local que el dirixía.

Dous anos despois casa con Saleta Goy García, nunha cerimonia íntima celebrada en Lugo, na Capela do Perpetuo Socorro da igrexa da Milagrosa, que fora construída por iniciativa de Xosé Fernández, o seu tío.

Durante estes anos a súa poesía vaise transformando e adquirindo un tinte máis social e nacionalista. Intégrase na Unión do Povo Galego (UPG) e na Fronte Cultural da ANPG.

Esta toma de postura levaralle a unha certa marginalización dalgúns sectores culturais galegos contrarios á participación en movementos políticos.

En Monforte a súa actividade é incesante: traballa como Procurador, dá clases nunha academia, intervéen como locutor na radio local, escribe, percorre o país dando conferencias, mantén viva a editorial Xistral, creada en Lugo en 1952 como resposta á liña mantida pola gran empresa do libro galego, Galaxia; abre a librería Xistral adicada á venda de cerámica de Sargadelos e libros e música no noso idioma...

A librería Xistral convertírase en Monforte nun referente cultural, establecéndose nela un faladoiro onde



Con Saleta Goy o día da súa voda.

Casa Museo Manuel María



Coa toga de Procurador dos Tribunais.

Casa Museo Manuel María


converxerán os sectores máis dinámicos da política e cultura do país.

A implicación do poeta coa política e cos movementos nacionalistas é intensa. Presenta a súa candidatura para alcalde de Monforte nas primeiras eleccións municipais despois da instauración da democracia. Non acadou o cargo pero resultou elixido como concelleiro. En 1977 presentouse como número un nas listas do BN-PG ao Senado por Lugo, aínda que aquí non obtivo o escano polo que loitaba.



Nunha conferencia en Escairón, concello de Saviñao, na Terra de Lemos.

Casa Museo Manuel María




Manuel María e Saleta na librería Xistral de Monforte de Lemos.

Casa Museo Manuel María

A CORUÑA

En 1998, despois da xubilación de Manuel María como Procurador, Saleta e el trasladan a súa residencia á cidade da Coruña.

Segue traballando e participando en actividades culturais e políticas sempre vinculadas ao noso país: homenaxe a Alexandre Bóveda, participación no Correlingua, presentación de libros, manifestacións de Nunca Máis, ingreso na Academia da Lingua Galega, participación no faladoiro da cafetaría Kirss, ingreso como membro numerario na Real Academia Galega...



Nunha sinatura de exemplares da súa obra na Feira do Libro da Coruña, no verán de 2002.

Casa Museo Manuel María

A REAL ACADEMIA GALEGA

No ano 1970 Manuel María foi nomeado membro correspondente da Real Academia Galega, a proposta de Xosé M^a Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Breia e Francisco Vales Villamarín.

Así explica o poeta o seu nomeamento:

«Un día apareceu o meu nomeamento nos xornais, sen máis. E non me preocupeí disto. Despois puiden comprobar que se fixera o nomeamento dun señor de Palencia, que nunca publicara nada. Pregunteille á Academia por que o nomeara. Respostáronme que este señor era o director do Arquivo do Reino de Galicia e que lle daba moitas facilidades aos académicos que ían alí. Eu calei. Despois fíxose o nomeamento dun catedrático de instituto, que non publicara un só libro. Ademais, na súa época de director dun centro, perseguía aos profesores que ensinaban en galego. En vista disto, eu non podía pertencer a unha corporación que fai estas aberracións. Escribín unha carta aberta, que publicaron todos os xornais menos La Voz de Galicia. Logo atopeime cunha longa serie de xente que se solidarizou coa miña postura... Escribínlles unha carta certificada renunciando. Non tiveron resposta. É dicir, que neste momento non sei se son correspondente da Real Academia Galega ou non.»

No seu libro «Cantos rodados para aliados e colonizados» aparece o poema «Responso por unha Academia» escrito ao tempo que presentaba a súa baixa da Real Academia.

*Xace eiquí unha Academia
de nena atacouna a anemia
i acometeulle a diglosia.
Sempre foi inmovilista*



Encerro na Real Academia Galega con outros escritores para pedir a dimisión do seu presidente, García Sabell, en xuño de 1977.

Casa Museo Manuel María

*e, ¡como non! bilingüísta.
Viviú en pura ortodoxia
de costas pro seu país.
¡Sufriu arteroesclerosis
e morreu dun parálís...!*

Trinta e tres anos depois do seu primeiro nomeamento como membro da RAG é novamente proposto, esta vez como membro numerario. A proposta de nomeamento vén da man de Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo e Méndez Ferrín.

Manuel María acepta o nomeamento e ingresa un 15 de febreiro de 2003, con setenta e tres anos de idade.

O seu discurso de ingreso levará por título «A Terra Chá: poesía e paisaxe» sendo respondido polo académico e presidente da entidade Xosé Luís Méndez Ferrín.

Manuel María faleceu o 8 de setembro de 2004 na Coruña e os seus restos están soterrados no cemiterio de Santa Isabel en Outeiro de Rei.



Saída dos restos de Manuel María do Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, para o seu traslado a Outeiro de Rei.

TRES POEMAS

GALICIA

Galicia docemente
está ollando ó mar:
¡ten vales e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento.
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e máis a fala.
¡Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!



Manuel María: «Os soños na gaiola»



TRES POEMAS

O SOL

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi finchado
que está no outo do ceio
todo o día relumbrando.

Vai vestido de marelo,
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de se mesmo
o seu calor nos vai dando.

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi señalado.
¡Si non fora polo sol
estaría o mundo xeadó!

Soio o sol manda no ceio,
moi solemne, moi barbado.
¡As súas barbas son os raios
con que nos vai alumando!



Manuel María: «Os soños na gaiola»



TRES POEMAS

O MEU BURRIÑO

¡Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

¡Corre meu burriño,
non gallopes, voa!
¡A ver se lle ganas
ao vento que zoa!

¡Arre meu burriño,
non seas perguiceiro!
¡A ver se lle ganas
ao vento lixeiro...!

¡Corre meu burriño,
nos cascos pon ás!
¡Se queres, ao vento
deixarás atrás...!



¡Arre, meu burriño!
¡Corre máis deprisa!
¡Que se perde o vento
xa verás que risa...!



Manuel María: «Os soños na gaiola»

OBRA POÉTICA

- Muiñeiro de brétemas.** Pontevedra: Gráficas Torres, 1950.
- Cinco pequenos poemas.** Lugo: Antonio de Ron, 1951.
- Morrendo a cada intre.** Lugo: Imp. La Voz de la Verdad, 1952.
- Advento.** Bos Aires: Ed. Galicia do Centro Galego de Bos Aires, 1954.
- Terra Chá.** Lugo: Celta, 1954.
- Libro de cantigas.** Lugo: [s.n.], 1955.
- Documentos personaes.** Lugo: Celta, 1958.
- Libro de pregos.** Lugo: Celta, 1962.
- Mar Maior.** Vigo: Galaxia, 1963.
- Versos frolecidos en louvanza de Foz.** Foz: Bahía, 1967. Primeiro premio e 'frol natural' nos primeiros Xogos Florais de Foz, celebrados en 1966.
- Proba documental.** Monforte de Lemos: Fénix, 1968.
- Versos pra un país de minifundios.** Bos Aires: Nós, 1969.
- Versos pra cantar en feiras e romaxes.** Montevideo: Patronato da Cultura Galega, 1969.
- Remol.** Bos Aires: Nós, 1970.
- Canciós do lusco ó fusco.** Monforte de Lemos: Xistral, 1970.
- Noventa e nove poemas de Manuel María.** Razão Actual: Porto, 1972.
- Odes num tempo de paz e de alegría.** Razão Actual: Porto, 1972.
- Aldraxa contra a xistra.** Xenebra (Suíza): Roi Xordo, 1973.
- Informe pra axudar a alcender unha cerilla.** Montevideo: Patronato da Cultura Galega, 1973.
- Laio e clamor pola Bretaña.** Xenebra (Suíza): Roi Xordo, 1973.
- Seis pétalos de rosa en xeito de retrato.** Ed. do autor, 1973. Asinado co pseudónimo Xohán Carneiro.
- Cantos rodados para alleados e colonizados.** Monforte de Lemos: Xistral, 1976.
- Poemas ó outono.** Monforte de Lemos: Xistral, 1977.
- Poemas para construír unha patria.** Santiago de Compostela: AN-PG, 1977.
- O libro das baladas.** Santiago de Compostela: Follas Novas, 1977.
- Catavento de neutrós domesticados.** Lugo: Alvarellos, 1979.
- Poemas da labarada estremecida.** Monforte de Lemos: Xistral, 1981.
- Versos do lume e do vagalume.** Ourense: Galiza Editora, 1982.



Cantigueiro do Orcellón. O Carballiño: A. C. Avantar, 1984.

A luz resuscitada. A Coruña: AGAL, 1984.

O camiño é unha nostalxia. A Coruña: Arrancada, 1985.

Poemas da labarada estremecida. Monforte de Lemos: Xistral, 1985.

Oráculos para cavaliños-do-demo. Ourense: Caixa Ourense, 1986.

Ritual para unha tribu capital do concello. Ourense: Follas Secas, 1986.

As lúcidas lúas do outono. A Coruña: Vía Láctea, 1988.

Sonetos ao Val de Quiroga. Quiroga: Concello de Quiroga, 1988.

Saturno. Barakaldo: A. C. Rosalía de Castro, 1989. Ed. Bilingüe galego-éuscaro.

Cancioneiro de Monforte de Lemos. Monforte de Lemos: Concello de Monforte, 1990.

Homenaxe ao regato do Cepelo. Ed. do autor, 1990.

Compendio de orballos e incertezas. Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1991.

Hinos pra celebrar ao século futuro. Santiago de Compostela: Ed. Compostela, 1991.

Panxoliñas. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 1992.

Antoloxía poética. A Coruña: Espiral Maior, 1993.

Poemas a Compostela. Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1993.

A primavera de Venus. A Coruña: Espiral Maior, 1993.

Cantigas e cantos de Pantón. Pantón: Concello de Pantón, 1994. Editor literario.

Poemas para dicirlle a dúas lagoas. A Coruña: Espiral Maior, 1994.

O Miño, canle de luz e néboa. A Coruña: Espiral Maior, 1996.

Antoloxía poética. Vigo: AS-PG/A Nosa Terra, 1997.

Sonetos á casa de Hortas. A Coruña: Espiral Maior, 1997.

Cantos, coplas e romances de cego. Lugo: Ophiusa, 1998.

MiniEscolma. Ed. do autor, 1998.



Brétemas do muiñeiro. Pontevedra: Colección Hipocampo Amigo, 2000.

Camiños de luz e sombra (2000).

Obra poética completa I (1950-1979) e II (1981-2000). A Coruña: Espiral Maior, 2001.

Elexías á miña vida pequeniña. Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, 2004.

Poemas escollidos. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María, 2015.



OBRA NARRATIVA

Contos en cuarto crescente. Lugo: Celta, 1952.


O xornaleiro e sete testemuñas máis. Bos Aires: Ed. Galicia do Centro Galego de Bos Aires, 1971.

Kricoi, Fanoi e Don Lobonis. Vigo: Castrelos, 1973.

Os ontes do silencio. A Coruña: Nova Galicia, 1990.

Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei. Guítiriz: Asociación Cultural Xermolos, 1995.

Historias do empardecer. Santiago de Compostela: Laiovento, 2003.



OBRA DRAMÁTICA

Auto do labrego: a Ramón Patiño, amigo, pintor e poeta, e máis que nada, galego. Porto: Escola tip. da oficiana de São José, 1957.

Auto da costureira. Bos Aires: Hogar Gallego para Ancianos, 1977.

Auto do taberneiro. 4 ventos. Monforte de Lemos: Xistral, 1970. 2ª ed.

Auto do mariñeiro (brevisima farsa dramática en tres tempos). Monforte de Lemos: Xistral, 1970.

Barriga verde. Vigo: Castrelos, 1968.

Auto trascendental do ensino tradicional (1979).

Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela. Monforte de Lemos: Xistral, 1981.

"Auto do Maio esmaiolado", en Cadernos da Escola Dramática Galega, 1985.

Abril de lume e ferro. Carral: Concello de Carral, 1989.

Auto do Castromil ou a revolución dos baúles. Santiago de Compostela: Castromil, 1992.

Farsa de Bululú. Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1992.

A lúa vai encoberta. Vigo: Diario 16 de Galicia, 1992.

Edipo. A Coruña: Universidade da Coruña, 2003. Edición de Miguel Anxo Mato.



OBRA INFANTIL E XUVENIL

Os soños na gaiola: (versos pra nenos). Lugo: Cartonajes ANMI, 1968.

As rúas do vento ceibe. Monforte de Lemos: Xistral, 1979.

A tribo ten catro ríos. Vigo: S.M., 1991.

Unha sombra vai polo camiño. Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos. Vigo: Xerais, 1991.

Cando o mar foi polo río. Vigo: S.M., 1992.

Novos contos para nenos. [Galicia]: Citania, 1992.

Viaxes e vagancias de M. P. Vigo: S.M., 1994.

As ribeiras son escuras. A Coruña: Everest Galicia, 1997.

O bigote de Mimí. A Coruña: Everest Galicia, 2003.



OBRA ENSAÍSTICA

Notas en col da poesía de Fermín Bouza-Brei. A Coruña: Real Academia Galega, 1958.

Noticia da vida e da poesía de Xosé Crecente Vega. Coimbra: Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, 1968.

Noticia da poesía galega de posguerra. Lisboa. 1972, Sociedade da Lingua Portuguesa.

Homes, feitos e palabras. Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1996.

A Terra Chá: poesía e paisaxe. A Coruña: Real Academia Galega, 2003. Discurso lido o día 15 de febreiro de 2003, no acto da súa recepción na Real Academia Galega.

Andando a Terra. Vigo: A Nosa Terra, 1990. Escolma dos artigos publicados no xornal A Nosa Terra co pseudónimo Manuel Hortas Vilanova, ao coidado de Miguel A. Mato Fondo e M^a Pilar García Negro.

Memoria da terra: prosa xornalística escollida. Outeiro de Rei, Casa Museo-Manuel María, 2015.

